

3. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía)

O século XVII enmárcase no reinado dos chamados “Austrias menores” (Felipe III, Felipe IV e Carlos II), e adoita considerarse como un **período de crise**. Sen embargo, a crise económica e demográfica comeza xa no último cuarto do século XVI, e responde a unha explicación multicausal: as sucesivas **epidemias de peste** causan estragos na poboación, as **malas colleitas** xeran recurrentes crises de subsistencias, a expulsión dos mouriscos deriva na a **redución da poboación** de Valencia, Murcia e Aragón e, por último, as sucesivas **guerras** e a posibilidade de **emigrar a América** farán que a poboación decreza, estancándose nuns 7,5 ou 8 millóns de habitantes. Non obstante, estes factores non afectaron igual a todos os territorios, sendo Castela a que sofre un maior afundimento.

As **manifestacións máis destacables da recesión** foron varias:

- ➔ ***Diminución da produción agraria e gandeira*** a causa do despoboamento das zonas rurais, o aumento dos impostos e a substitución dos cereais por cultivos comerciais. A gandería tamén se resentiu da perda de poboación, e produciuse unha caída da produción de la.
- ➔ ***Grave crise das actividades téxtiles***, sobre todo en Castela. A diminución da demanda, o aumento dos impostos e a competencia da produción estranxeira (flamenca, inglesa...) arruinaron aos artesáns casteláns.
- ➔ Tamén outras actividades relacionadas coas necesidades do Estado, como a ***construción naval e a metalurxia***, ***víronse afectadas polos problemas económicos*** da Coroa.
- ➔ ***A chegada de metais preciosos procedentes de América diminuíu*** considerablemente, sobre todo porque gran parte deles ía directamente a comerciantes estranxeiros, ou destinábase a pagar as débedas da monarquía.
- ➔ ***O aumento dos gastos e a diminución dos ingresos*** conduciron periodicamente á ***bancarrota do Estado***. A subida de impostos estrangulaba aos sectores produtivos, polo que o Estado recurriu cada vez máis á débeda pública (os xuros) e a emitir moeda de baixa calidade (os “reais de vellón”), provocando así unha maior inflación e un agravamento da recesión económica.

Na segunda metade do século XVII foi remitindo a crise, aínda que de xeito diferente nos distintos territorios: Cataluña e Valencia recuperáronse antes, mentres que en Castela esta recuperación só se deu a partir de 1680. Ao mesmo tempo que a economía melloraba, comezou a medrar de novo a poboación.

No XVII terá especial protagonismo a figura de **Gaspar de Guzmán, conde-duque de Olivares**. Baixo a súa tutela púxose o rei **Felipe IV** desde a súa ascensión ao trono, con tan só 16 anos, no ano 1621, e ata o ano 1643. El puxo en marcha unha serie de **proxectos de reforma** para mellorar a situación da Monarquía, buscando *unificar politicamente o Imperio*, e crear un Estado máis centralizado, suprimindo as diferenzas fentre territorios. Destacan, sobre todo, dúas reformas:

- ➔ **Reforma financeira**, para intentar paliar a situación de déficit crónico da Facenda, mermada polas continuas guerras.
- ➔ **Reforma militar, coa creación da Unión de Armas**, que tiña no fondo un carácter financeiro. Castela, tras anos sendo a que facía o principal esforzo no sostemento militar do Estado, estaba demasiado empobrecida para seguir manténdoo. Para solucionalo, o conde-duque de Olivares ideou en 1625 esta medida, que consistía na creación dun gran exército permanente sustentado por todos os reinos en función da súa poboación e recursos.

A **aplicación** destas reformas resultou case imposible, tanto polas *dificultades económicas* como pola *oposición dos dintintos reinos*. De feito, aínda que as Cortes de Valencia e Aragón acabaron aprobando, con importantes rebaixas, a Unión de Armas, Cataluña rexeitouna.

Estas dificultades levaron a unha **sucesión de bancarrotas** (nos anos 1627, 1647, 1652 e 1662), sendo a época máis dura a década de 1640, cando a Monarquía Hispánica tivo que enfrontarse a **graves conflitos internos**, entre os que destacan os de Cataluña e Portugal.

En **Cataluña** a Unión de Armas fracasou pola oposición das Cortes catalás. O problema fiscal foi transformándose nun conflito político agravado pola guerra con Francia. Olivares esixiulle aos cataláns que pagasen a manutención das tropas que loitaban na fronteira, o que levou a unha revolta en 1640 (o “Corpus de Sanguie”). Malia o apoio francés aos sublevados, a prolongación do conflito e a oposición á presenza francesa levaron á aceptación da soberanía de Felipe IV en 1652.

Tamén en 1640 produciuse outra rebelión en **Portugal** contra a Unión de Armas, aínda que houbera revoltas anteriores, que se sumaron ás protestas pola ineficiente defensa dos territorios portugueses do ataque holandés. A nobreza e a alta burguesía promoveron a rebelión dirixida polo duque de Bragança, quen se proclamou rei de Portugal co nome de Xoán IV. Os intentos de Felipe IV por recuperar Portugal fracasaron e a independencia portuguesa consolidouse.

Houbo **outras rebelións**, como a de Andalucía ou Nápoles, que sumiron á Monarquía nunha fonda crise. Debido a este fracaso da súa política, Olivares dimitiu en 1643, comezando Felipe IV a partir dese momento o período de goberno persoal, aínda que boa parte dos problemas persistirían.